

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Corrección de erros.-Orde do 23 de febreiro de 2010 pola que se regula a oferta de prazas xuventís dentro do programa Campaña Verán-2010 e se procede á súa convocatoria.

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 45, do 8 de marzo de 2010, procede efectuar a seguinte corrección:

-Na páxina 3.001, anexo I, Campamentos de verán 2010, na columna relativa ao importe de praza da actividade deporte e recreación, na instalación xuvenil Alb. xuv. Mariña Española, código 150005, onde di: «... 180 €», debe dicir: «... 92 €».

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 16 de marzo de 2010 pola que se convocan bolsas de formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación, bolsas de prácticas para os recentemente titulados en especialidades agrarias, forestais, veterinaria, tecnoloxía dos alimentos e bioloxía e bolsas de prácticas para alumnos e recentemente titulados de formación profesional da familia agraria.

O Regulamento (CE) nº 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Social Europeo (FSE) recolle no seu artigo 3.2º que o citado fondo apoiará accións dirixidas, no marco do obxectivo de converxencia, a ampliar e mellorar o investimento en capital humano. Por outra parte, no Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, fíxanse normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

O Decreto 318/2009, do 12 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria atribúelle a aquela competencias en materia de investigación e formación agroforestal e agroalimentaria.

Coa finalidade de que os recentemente titulados universitarios en especialidades agroforestais, veterinaria e afíns, así como os titulados de formación profesional e alumnos dos ciclos formativos de grao medio ou superior da familia agraria, complementen os coñecementos teóricos adquiridos nos seus estudos cunha formación práctica que lles permita afrontar con maiores garantías o seu futuro profesional, a Consellería do Medio Rural veu convocando bolsas

de prácticas en anos anteriores a través das distintas liñas de axudas que se considera necesario unificar co fin de racionalizar a asignación dos recursos públicos. Estas bolsas de prácticas serán cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no 80%.

En consecuencia e de acordo co disposto no artigo 30.1º.1 e 3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa de aplicación

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é a convocatoria de 75 bolsas de prácticas, en réxime de concorrencia competitiva, en unidades dependentes da Consellería do Medio Rural e en empresas e entidades relacionadas co sector agroforestal e alimentario, distribuídas da seguinte maneira:

-10 bolsas de formación de tecnólogos, coa seguinte repartición por titulacións: 2 bolsas para licenciados en enoloxía, 2 bolsas para licenciados en ciencias químicas, 2 bolsas para licenciados en ciencia e tecnoloxía dos alimentos, 2 bolsas para enxeñeiros agrónomos e 2 bolsas para enxeñeiros técnicos agrícolas.

-15 bolsas de formación de persoal de apoio á investigación coa seguinte repartición: 2 bolsas para o ciclo superior de industria alimentaria, 3 bolsas para o ciclo medio de elaboración de viño e outras bebidas, 2 bolsas para os ciclos formativos de grao medio e/ou superior da familia agraria e 8 bolsas para os ciclos formativos de grao medio e/ou superior da familia química.

-9 bolsas de prácticas ás que poderán optar estudantes do 2º curso ou recentemente titulados en ciclos da familia agraria e 6 bolsas de prácticas para os alumnos do primeiro curso dos ciclos da familia agraria, nos centros de formación e experimentación agroforestal, dependentes da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, da Consellería do Medio Rural.

-35 bolsas de prácticas en empresas e entidades relacionadas co sector agroforestal e alimentario, así como en unidades dependentes da Consellería do Medio Rural, para os recentemente titulados como enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas, enxeñeiros de montes, enxeñeiros técnicos forestais, licenciados en veterinaria, licenciados en ciencia e tecnoloxía dos alimentos e licenciados en bioloxía.

Artigo 2º.-*Carácter das bolsas.*

As bolsas a que se refire esta disposición, dado o seu carácter formativo, desenvolveranse dentro dun